

UN ACHEGAMENTO Á MEMORIA DE XOÁN GONZÁLEZ-MILLÁN

Arturo Casas, Isaac Lourido e Cristina Martínez (ed.) (2023)
Xoán González-Millán. A projeção de um pensamento crítico
(Santiago de Compostela: Através Editora)

Coa publicación desta obra hai unha intención de nobreza colectiva: tentar honrar e darlle sentido á vida dun intelectual. Neste exercicio non hai inxenuidade posible porque esta cuestión non se resolve coa exposición biográfica de Xoán González-Millán. En todos os casos, trátase de preparar as condicións para recuperar unha conversa suspendida, manter unha negociación inacabada ou, en varias ocasións, facer un exercicio que pretende completar os ocós que deixa o seu legado.

Non sorprende entón o última texto desta obra: «A última lição do mestre. Historia de un curso sobre teoría cultural» de María do Cebreiro Rábade. A proposta da autora descansa sobre unha vontade importante para a vida cultural do noso país: construír unha memoria íntima e afectiva do pasado intelectual. Capaz así de rexeitar un canon distante e normalizador, a proposta de Rábade trata de tecer unha memoria atenta que expón un pasado común, un diálogo que é herdado para nós. Trátase, xa que logo, dun ben efémero que precisa atención e delicadeza. É un exercicio de transición que pouco ten que ver coa lóxica da efeméride, xa que expón un percorrido sutil a través dos encontros e as conversas que mantiveron a autora e González-Millán. Rábade destaca a importancia da lembranza social, do diálogo coa realidade inmediata. Nesa reflexión dolorosa sobre a morte do autor, Cebreiro é consciente dunha realidade en conflito que nunca deixou de se mesturar co proxecto intelectual e persoal do teórico grovense.

Nun sentido semellante, a achega de Helena González nesta obra propón unha lectura atenta e agarimosa da obra de Xoán González-Millán. Non teme presentar as contradicións e límites, e propón alternativas conceptuais á obra do profesor. É impresionante atender unha lectura que non se resiste aos antagonismos e que, de feito, parece facelos visibles. Nese sentido, non se trata dunha crítica cruel nin abnegada, senón dun xeito atento e respectuoso de dialogar no tempo e na distancia (38). Así mesmo, González aposta por unha lectura feminista dos estudos da diferenza nacional en González-Millán. Un

exercicio que supón complexizar e ampliar o esforzo xa exposto por Millán ao intentar atopar antagonismos e oposición na lóxica nacional. Xa que logo, a autora observa con significativa atención a desconfianza que González-Millán expresa dos chamados «relativismos» políticos e a preponderancia discursiva da análise social. Asume o autor unha posible «incomensurabilidade» no uso de categorías capaces de indicar unha diferenza sociocultural. Helena González detecta ben na obra de Millán non tanto unha contradición como unha tensión derivada do recoñecemento da heteroxeneidade identitaria. Pois, segundo o indica a autora, Millán si que toma en consideración unha imaxe plural das experiencias sociais. Con todo, é posible recoñecer que esta tensión non só foi expresada por Millán, senón que foi o resultado dun debate vivo en diferentes ámbitos dos estudos sociais e da análise cultural.

Do mesmo xeito, na intervención de Álex Alonso Nogueira hai tamén unha preocupación expresada pola disputa hexemónica e o tipo de compromiso que a literatura galega pode construír cara a formas de subxectividade heteroxéneas e non necesariamente estables. O autor chama a atención sobre o feito de que a literatura galega debería ser quen de se comprometer coa formación de identidades diversas para preservar a súa propia subsistencia. No seu artigo «Discurso social e literatura nacional: unha proposta paradigmática (Galicia como referente)», Alonso Nogueira recoñece o papel institutivo que González-Millán lle asigna á literatura nacional. É dicir, a produción literaria sería non só un espazo de expresión colectiva, senón un axente que participa nos procesos de comprensión e nas disputas polo poder político. Segundo Alonso Nogueira, Millán emprega unha noción de hexemonía para lles dar sentido ás formas de desigualdade que se constrúen e preservan nas relacións inter-discursivas. Nese sentido, identifica que unha parte da narrativa galega non é valorada necesariamente polas súas características propiamente textuais, senón polo xeito en que se constitúe como un espazo de resistencia simbólica.

Se a proposta de Álex Alonso Nogueira e de Helena González expón algunhas das tensións na obra de González-Millán, Arturo Casas, por outra banda, presenta outra forma de relacionarse coa obra do autor. Propón un esforzo por sintetizar e deseñar un inventario daquilo que recoñece como constantes na obra de Millán: a súa insistencia no contacto cunha certa tradición crítica, a súa «persistencia de heurísticas» (71) e a preservación dun programa comprometido coa práctica científica e a discusión política no país. Xa que logo, Casas anticipa non só un xeito específico de teorizar, senón tamén unha forma de *identidade epistémica*.

Segundo detecta Arturo Casas, hai un desprazamento na obra de González-Millán, que se fixou nunha análise dos procesos de institucionalización da literatura galega posterior á ditadura, asumindo así un período de particularidades constitutivas que merecía unha revisión especial. O traballo de Casas resulta salientable non só pola súa sensibilidade para identificar unha progresión na relación de González-Millán coa chamada sociocrítica, senón pola súa capacidade para afrontar os conflitos e espazos de disputa que o autor grovense habitou. Nesa medida, Casas recoñece que o traballo de Millán foi un espazo de constante revisión metodolóxica, atento sempre aos límites das súas propias ferramentas teóricas.

Igual que sucede coa achega de Helena González e como veremos tamén na de María Liñeira, a proposta de Casas amosa unha actitude intelectual que non esquiva a confrontación nin os campos de tensión e, de feito, asume un compromiso co tratamento dos límites e das diferenzas. Condición que se volvería necesaria para establecer os sendeiros dunha revisión sobre as culturas periféricas. Nese marco, Casas identifica que os achegamentos á sociocrítica expostos por González-Millán pasan por valores que, nalgunhas ocasións, parecen imprecisos e esixen unha vontade da lectora para atendelos. Con todo, convén recoñecer que non se trata tanto dun descoido teórico como da manifestación das diverxencias que xa comezan a experimentar no eido propio da sociocrítica.

Noutro sentido, o texto de María Liñeira actualiza e pon en dúbida un conxunto de supostos que Millán asociara á suspensión do criterio filolóxico na obra de Luis Seoane e nalgúns outros autores do exilio. Millán recoñecía que dita suspensión no uso do galego na produción literaria no exterior descansaba sobre unha realidade lingüística que o exixía: a público lector da clase letrada porteña e a vontade intelectual que, comprometida coa causa galeguista, podía prescindir do uso do galego. En resumo, tratábase dun conxunto de estratexias que buscaban obter lexitimidade nun contexto en que o galego non era a lingua das lectoras e lectores.

No recoñecemento deses límites, a proposta de Liñeira non descansa só sobre unha suposta corrección na lectura de Millán, senón que tamén confronta un xeito particular de organizar a historia literaria galega. Pois, Seoane, xunto con outras autoras e autores, poderían demostrar que non hai un *telos* de autorialidade monolingüe asociada univocamente á identidade galega. E nese sentido, tampouco se dependería dunha especie de normativización ríxida asociada á lingua da escrita. O movemento de Liñeira opera así en varios

sentidos: non só cuestiona unha especie de progresión atribuída á traxectoria autoral, senón que suxire un xeito de ler a historiografía literaria galega asumindo unha posible heteroxeneidade identitaria e lingüística. Nese sentido, isto suporía asumir que unha parte do sistema literario no exilio é capaz de explorar outras formas do seu repertorio noutras linguas como parte da súa propia constitución e non como unha excepción.

A revisión conceptual proposta por Liñeira ten continuidade directa nesta obra, pois Pablo Pesado é cauto tamén en canto ao recoñecemento e á precisión no uso de determinadas nocións propostas por González-Millán. A súa revisión non só se fundamenta no rigor científico, senón tamén nun acto de preservación e coidado intelectual. Nesa medida, o seu texto está vencellado cunha posta a proba e actualización da noción de *nacionalismo literario*, concepto protagónico no exercicio teórico de González-Millán. Pesado recoñece o *nacionalismo literario* como unha «fase no proceso de institucionalización de un inventario de textos que, em condições ótimas, acaba dando lugar a uma “literatura nacional”» (116). Nese sentido, hai unha vontade de identificación que prioriza expresións literarias operativas na construción dunha literatura nacional. O que supón a primacía dos mecanismo nacionalizadores, en detrimento da manifestación de trazos autónomos.

Pesado expón que as características que González-Millán consideraba nacionalistas experimentan unha diminución considerable nas primeiras dúas décadas do novo milenio. Atopando un novo compromiso asociado con outras experiencias de desigualdade. Unha observación que coincide coa proposta de Helena González. Nese contexto, Pesado considera que o sistema literario galego non camiñou cara a unha maior autonomía e en todo caso atopou un desprazamento: dunha heteronomía política a unha económica. Nese contexto, convén recoñecer a posta a proba das propostas de González-Millán.

É preciso tamén avaliar se, como indica Pesado, as opcións nacionalistas son as únicas detectadas como heterónomas para as lectoras e por iso pouco prestixiadas. Certamente, pode ser, que sexa unha disputa máis ampla que non só involucre as manifestacións nacionais.

Pesado remata e recoñece que as ideas de González-Millán poderían suxerir xa no seu tempo un «nacionalismo español operante nas obras literarias galegas» (127) na medida en que propón unha identificación de diferentes graos de nacionalización no discurso literario. A recuperación e amplificación desa proposta de González-Millán permite explicar supostos contra-intuitivos nalgunhas expresións narrativas detectadas por Pesado.

Nun exercicio que tamén involucra a ampliación conceptual, Isaac Lourido presenta unha revisión do campo editorial galego no período posfranquista coas ferramentas de análise ofrecidas por González-Millán. Nesa medida, reconece, por exemplo, a suxestiva observación orientada ao conflito entre as institucións estatais e as chamadas institucións autonómicas. A lectura de Lourido enmarca un escenario de conflito e disputa na organización e lexitimación na lóxica do desenvolvemento cultural. Nese sentido, reconece Lourido, a través de Millán, que un problema de significativa importancia é a «tensão producida pola introdución da economía de mercado numa área historicamente dominada por lutas de tipo simbólico» (139). Trataríase así dun desfasamento que altera os mecanismos de lexitimación e profesionalización de diversas entidades. É por iso polo que non sorprende a idea de que unha comercialización funcional só sería posible coas condición de lexitimación simbólica adecuada. Non obviando, claro está, que a relación de competencia co campo editorial español e a vontade de homologación é significativamente variable.

Lourido recupera a crítica á cultura da normalización para lle dar sentido á crise e límite do campo editorial galego. Trátase dun xeito de organizar a planificación que descansa sobre a vontade de homologación dos «sistemas culturais consolidados» (145). Xa que logo, esta cultura consegue os seus fins cando o nacionalismo cultural deixa de pretender un carreiro alternativo ao marco institucional. O que supón, nalgunha medida, a aceptación de acordos alleos á súa propia lóxica de operación.

É destacable a atención que Lourido lle dedica á escrita infanto-xuvenil ao reconecer que se podería tratar dun sector lexitimado e capaz de se identificar como un espazo de referencia na constitución do campo editorial galego. Abre así unha fenda de investigación urxente e frutífera para a discusión sobre a nosa realidade editorial.

Finalmente, como xa se explorou no inicio desta recensión, Rábade remata cunha carta dirixida a Xoán González-Millán. Unha misiva na que comparte un soño e un proxecto propio. Con todo, o recurso da autora non é gratuíto nin espontáneo. Convén reconecer que o texto da autora propón un principio que ten unha semellanza enorme con esta publicación: trátase dunha obra que lle dá continuidade a un proxecto intelectual inconcluso e alimenta unha conversa—non libre de conflito— entre o crítico e a seguinte xeración.

Na realidade das nosas prácticas literarias, organizar e dalle sentido á obra e vida das nosas intelectuais non é un xesto de obstinada formalidade. Trátase

dunha vontade destacable porque mobiliza e lles dá sentido aos ecos que conforman a nosa experiencia intelectual. Estas iniciativas, en sistemas subalternizados, demostran unha forma de vitalidade.

RODRIGO HERRERA ALFAYA
Universidade de Vigo
rodrigo.herrera@uvigo.es



© Rodrigo Herrera Alfaya, 2024. This document is under a Creative Commons Attribution-Non commercial-No Derivative Works 3.0 Unported License. To see a copy of this license click here <http://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/3.0/legalcode>.